

ACLARACIÓN PARA AS PERSOAS QUE OPTEN A PRAZA DE ADMINISTRATIVO/A:

Detectado un erro no punto 8.1 da base OITAVA, Fases do procedemento de selección, para a provisión dunha praza de Administrativo/a, consistente en non recoller na Fase 1ª da proba os contidos teóricos que si figuran no ANEXO II.- TEMARIOS PARA AS PROBAS DE SELECCIÓN, procédese á modificación da base mencionada, que quedará como segue:

“OITAVA.- FASES DO PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN.

8.1.- O procedemento de selección dos/as aspirantes constará de tres fases:

FASE 1ª.- Proba práctica e proba escrita

Os/as candidatos/as admitidos/as realizarán unha proba práctica consistente na execución de varios exercicios mediante os cales se comprobe o cumprimento por parte dos solicitantes dos coñecementos e as aptitudes requiridas para o posto.

Os exercicios a realizar na proba consistirán no seguinte:

- Manexo dun programa procesador de textos.
- Manexo dun programa xestor de follas de cálculo.
- Manexo dun programa xestor de bases de datos.
- Manexo dun programa de presentacións gráficas.
- Realización dun exercicio de contabilidade xeral.
- Realización dun exercicio sobre nóminas e cotizacións á Seguridade Social.

Ademais realizarán unha proba escrita centrada sobre materias de desenvolvemento rural e metodoloxía LEADER, o PDR de Galicia 2007/2013, e o GDR1 e o seu territorio de actuación. Esta proba constará de 20 preguntas curtas e tipo test. Por cada pregunta contestada correctamente outorgarase un punto, e cada dúas respostas incorrectas restarán unha correcta.

A valoración máxima desta fase será de 65 puntos e superarán esta fase os que obteñan unha puntuación de alomenos 45 puntos. De non chegar ningún aspirante a esa cifra, pasarán á seguinte fase do proceso selectivo as 3 persoas que obtiveron as puntuacións máis altas”.

Solicitando desculpas polo posible malentendido, atentamente

Asdo: M^a Azucena González Loredo

Secretaria